

COMUNICADO Nº 206/22 23 DE SETEMBRO DE 2022

COMISIÓN DE MONTAÑA:

Na vindeira tempada 2023 puntuarán as seis mangas (sábado e domingo) tomándose tamén os tempos a ter en conta das dúas mangas de adestramento. Para o cómputo final colleráse a mellor manga do sábado (das tres) e a mellor manga do domingo (das tres), sendo obrigatorio finalizar unha subida, como mínimo, por día, e tomala saída nas dúas de adestramentos (sábado e domingo).

As agrupacións mudan para adecuarse as reivindicacións dos equipos, para facela modalidade mais interesante, participativa, e atractiva para os pilotos.

1-. Crearase un **“Grupo Silueta”**, o igual que na FFSA no que se incluírán os vehículos **turismos con chasis tubular**, fora das homologacións F.I.A., R.F.E.A., e F.G.A.

Para turismos con carrocería autoportante que tiveran homologación vixente, ou caducada e pasados a “Grupo X”; estes serán os que puntúen no Campionato de Galicia de Montaña (Turismos) 2023 e vindeiros.

2-. Admitiranse, na tempada 2023, incluídos no “Grupo Silueta”, os vehículos de Rallycross, Prototipos Mitsubishi, de Autocross (todos eles sen brida), e sen especificacións F.I.A. (Grupo A ou Grupo X). Terán que solicitar a súa inclusión por escrito, con aportación de documentación, fotos para facela ficha de homologación, con expedición gratuita, e con aceptación ou denegación da Comisión Técnica de Montaña da Federación Galega de Automobilismo; ademais da obrigatoriedade de posuír pasaporte técnico. A Comisión Galega de Montaña abre a regulamentación, crea as “Copa de Galicia de Silueta de Montaña” independentemente do Campionato de Galicia de Montaña de “Carrozados” e “Non Carrozados”.

Baixo a Presidencia de Don Victoriano González Boullosa, da Comisión Galega de Montaña, actualizaránse e reordenaranse os premios en metálico, da Xeral, das Agrupacións, e das Copas das probas para a tempada de 2023 e vindeiras.



FEDERACIÓN GALEGA
DE AUTOMOBILISMO



COMISIÓN FÓRMULAS DE PROMOCIÓN:

Estase a traballar para dar premios finais na “Top Ten C”, na tempada 2023, así como dun agasallo no eido participativo.